

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 19 de decembro de 2011**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos horas do día dezanove de decembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1473).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1474).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. MARCOS MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE DATA 25.11.11, APROBATORIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A PROVISIÓN DE 1 PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN (QUENDA LIBRE) DA OEP-2008. EXPTE. 22614/220.**

Dáse conta do informe xurídico-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.12.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

Único.- En escrito de data 05/12/2011 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de 15/12/2011, documento nº 110160535) D. Marcos Martínez Domínguez, con DNI 36144676-S e domicilio a efectos de notificación na Rúa Urzáiz, nº 94, 7ºB izq (Vigo) presenta recurso potestativo de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/11/2011, aprobatorio das listas provisionais de admitidos e excluídos e composición do órgano de selección designado para a provisión de 1 praza de Técnico de Xestión (quenda libre) encadrada na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, en atención ás fundamentacións expostas polo recorrente.

No corpo do mesmo escrito contense a solicitude de suspensión da execución do acto administrativo obxecto de impugnación, á vista do cal procede a resolución expresa do recurso interposto.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Para a correcta resolución do recurso presentado, cumpre efectuar a contextualización do mesmo dende a dobre óptica do cumprimento dos requisitos formais para a consideración do recurso como tal, así como os requisitos materiais relativos ao fondo do asunto, previa a realización da necesaria análise sobre a viabilidade xurídica da pretensión de suspensión da execución do acto administrativo obxecto de impugnación.

II.- Identifícase polo recorrente o concreto acto administrativo obxecto de recurso (acordo da Xunta de Goberno Local de 25/11/2011, publicado no BOP do 29/11/2011), nos termos do esixido no artigo 110 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) en canto aos requisitos de presentación e contido mínimo dos recursos administrativos.

En canto ao requisito da presentación en prazo, debe considerarse que, sen prexuízo de que o citado recurso tivo entrada no rexistro xeral do Concello en data 15/12/2011 –fóra, por tanto do prazo de 10 días para alegacións outorgado, que rematou o pasado día 13/12/2011- consta o selo de presentación o 05/12/2011 no Rexistro da Xunta de Galicia (edificio administrativo de

Vigo) con nº de entrada 185784, polo cal debe considerarse presentado en prazo, e por tanto, procederse á análise do fondo do asunto.

III.- No referido á pretensión de suspensión da execución do acto obxecto de impugnación, o artigo 111 da Lei 30/1992 citada establece expresamente que a interposición de calquera recurso, excepto nos supostos nos cales unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado (apartado 1). Non obstante, o seguinte apartado sinala que o órgano a quen competa resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión, e o prexuízo que se causa ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recurrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes causas:

- a) Que a execución puidese causar prexuízos de moi difícil ou imposible reparación.
- b) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 da citada Lei 30/1992.

*Asemade, a Lei preceptúa que a execución do acto impugnado entenderase suspendida se transcorridos 30 días dende que a solicitude de suspensión tivese entrada no rexistro do órgano competente para decidir sobre a mesma, ésta non dictase resolución expresa ao respecto.*

*Valorado e ponderado o prexuízo que se lle causaría ao interese público coa suspensión da execución do acto que se impugna en relación co prexuízo individual que se lle causa ao recorrente, resulta obvia a primacía do interese xeral –materializada na necesidade do Concello de Vigo como organización pública na incorporación de novos efectivos para garantir a debida e correcta prestación dos servizos públicos nos termos do disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local- que aconsella non suspender o proceso selectivo convocado e obxecto de recurso e conseguinte solicitude de suspensión, sempre que éste se desenvolva con pleno respecto aos principios rectores do acceso ao emprego público recollidos no artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Non se observaría apriorísticamente a concorrencia de prexuízos de difícil ou imposible reparación, sempre que se proceda á análise da argumentación xurídica sustentadora do recurso presentado, así como á súa consideración e estimación se procede.*

*IV.- En canto ao fondo do asunto, o recorrente alega a falta de adecuación da composición do órgano de selección designado para a provisión de 1 praza de Técnico de Xestión (quenda libre) á normativa vixente, en concreto en canto á observancia do principio de especialidade técnica que debe presidir a composición dos mesmos.*

*En materia de adquisición e extinción da relación de servizo resulta de aplicación directa e preferente a normativa básica estatal, por tratarse de materias incardinadas nas competencias exclusivas do Estado nos termos do reparto competencial efectuado polo lexislador constitucional na vixente Constitución de 1978 (vid. artigo 149.1, 18ª da citada Norma Suprema).*

*As bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos véñen recollidas na xa citada Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), en cuxo artigo 55 preceptúanse os principios rectores do acceso ao emprego público:*

*“1. Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.*

*2. Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2 del presente Estatuto seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:*

*Publicidad de las convocatorias y de sus bases.*

*Transparencia.*

*Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.*

*Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.*

*Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar.*

*Agilidad, sin perjuicio de la objetividad, en los procesos de selección.”*

*Principio de discrecionalidade técnica que non debe ser confundido, como parece que así sucede no recurso presentado, co principio de especialidade técnica, éste último contido no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en cuxo último parágrafo establece que:*

*“La composición de los tribunales de oposiciones será predominantemente técnica, debiendo poseer todos sus miembros un nivel de titulación igual o superior al exigido para el ingreso en las plazas convocadas.”*

*Requisito que tamén contempla o referido EBEP no seu artigo 60, cando sinala que “os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade, e tenderase, asimesmo, á paridade entre home e muller”.*

*A doutrina administrativista especializada salienta o radical cambio normativo que operou a lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP) no Dereito Administrativo do emprego público; así, MARTÍN, REBOLLO, L<sup>1</sup>, detalla que o principio de profesionalidade exclúe a quienes non o sexan, pero plantexa a dúbida de si en él se inclúe a garantía da especialización, que resulta fundamental para asegurar o principio de mérito e capacidade. Considera igualmente o autor a subsistencia do artigo 19.2 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, segundo a cal regularase a composición e funcionamento dos órganos de selección garantido a súa especialización.*

*Por outra banda, a Xurisprudencia especializada ten precisado claramente o contido, alcance a natureza do principio de especialidade; así, en STS de 13 de xuño do 1989, o alto tribunal afirma que “para poder valorar el mérito y la capacidad de los tribunales de pruebas selectivas es absolutamente necesario que sus miembros posean unos conocimientos para la valoración de dichos méritos y capacidad de los aspirantes (...)”, para reiterar a STS do 5 de marzo do 2007 (rec.508/2002) que “la especialización del tribunal cualificador impone que la mayoría de los miembros cuenten con titulación afín a la plaza convocada, y que además, su actuación y presencia se mantenga en todas las pruebas”.*

*No suposto que nos ocupa, e unha vez analizada a composición do órgano de selección designado pola Xunta de Goberno Local en acordo de data 25/11/2011, debe sinalarse que o vogal nº 3 (titular e suplente) contemplado para o tribunal cualificador da provisión d e1 praza de Técnico de Xestión (quenda libre) incumpriría efectivamente, como alega o recorrente, o principio de especialidade técnica, dado que un efectivo con praza de técnico/a de prevención de riscos laborais e praza de arquitecto/a, respectivamente, non parecen as titulacións máis idóneas para a avaliación do mérito e capacidade na selección dun técnico de xestión, precisamente pola especialidade da profesión u oficio que corresponde especificamente a cada unha das prazas indicadas, encadradas na Escala de Administración Especial, nos termos do establecido nos artigos 171 e172 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

*A este respecto, resulta sumamente ilustrativa a Sentenza do Tribunal Supremo do 5 de novembro do 1986, que nun suposto moi similar ao plantexado polo recorrente considerou que a inadecuación da titulación dun dos membros dun órgano de selección, pese a ser de rango equivalente ao esixido para o ingreso, resulta un defecto insubsanable se pertence a outro campo de coñecemento ben distinto á praza convocada:*

*“No es dudoso que es perfectamente váiida una reunión del tribunal que se celebre con sólo tres miembros, pero tampoco es dudosa la invalidez del nombramiento del tribunal en que uno de sus miembros fuera, por ejemplo, arquitecto (...)”*

---

<sup>1</sup> (Vid. MARTÍN REBOLLO, L., comentarios ao “Código de Leyes Administrativas” e Estudio sobre emprego público contido na mesma obra, 17ª Edición, Setembro do 2011. Ed. Thomson Aranzadi.)

*En consecuencia, e ante a meridiana claridade dos fundamentos e xurisprudencia expostos, debe admitirse parcialmente o recurso presentado polo recorrente, procedendo á modificación da composición do órgano de selección indicado en canto ao vogal nº 3 (titular e suplente), designando no seu lugar a funcionarios/as de carreira que contén con praza especializada ao efecto (técnicos/as de Administración Xeral, técnicos/as de xestión, entre outros), garantindo así a plena observancia dos principios legais invocados.*

*Igualmente, procede desestimar expresamente a solicitude de suspensión da execución do acto impugnado, dado que a estimación parcial do recurso e conseguinte modificación da composición do órgano de selección conleva a desaparición da hipotética concorrencia dos supostos fácticos legamente consignados para a operatividade da mesma.*

*V.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á xestión do persoal municipal, así como en relación á competencia para a resolución dos recursos presentados contra os propios actos, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*“Primeiro.- Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por D. Marcos Martínez Domínguez, con DNI 36144676-S, contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/11/011, aprobatorio da composición do órgano de selección designado para a provisión de 1 praza de Técnico de Xestión (quenda libre) encadrada na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, contido en escrito de data 05/12/2011 (data de entrada no rexistro Xeral do Concello de 15/12/2011, documento nº 110160535), pola motivación exposta no informe que antecede, e en consecuencia dispoñer a rectificación do vogal nº 3 (titular e suplente) do órgano de selección designado no acordo recurrido, que deberá quedar redactado como de seguido se indica:*

*-Vogal nº 3: D. José Ángel Hermida Fernández, técnico de xestión do Concello de Vigo (titular)  
Dª María Belén Álvarez Soaje, técnica de xestión do Concello de Vigo (suplente).*

*Segundo.- Desestimar expresamente a solicitude de suspensión da execución do acto impugnado contida no recurso de reposición interposto, en atención aos fundamentos xurídicos expresados no informe-proposta que antecede, desestimando igualmente os restantes motivos de recurso, por ausencia dos requisitos invocados, nos termos do acordado no apartado primeiro do presente acordo.*

*Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente aos efectos oportunos, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, membros do concreto órgano de selección, Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e Unidade de Planificación e Organización), e dispoñer que con carácter urgente se proceda á publicación do presente acordo nos termos do previsto nas Bases xerais e específicas rectoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público 2008.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer únicamente recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.